

Calendario 2022



Aves Ártabras

Compartindo espacios



VICEPRESIDENCIA
TERCERA DEL GOBIERNO
MINISTERIO
PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA
Y EL RETO DEMOGRÁFICO




Fundación Biodiversidad



Unión Europea

Fondo Europeo Marítimo y
de Pesca (FEMP)





Xaneiro / 01

L	M	M	X	V	S	D
27	28	29	30	31	1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31	1	2	3	4	5	6

Ducias de milleiros de aves mariñas están a invernar fronte á costa da Coruña: mascatos, gaivotas de varias especies, araos dos cons, araos carolos... Hai nesta provincia 3 Zonas de Especial Protección das Aves (ZEPA) mariñas, integradas na Rede Natura 2000 da UE. No ano 2019 o proxecto Aves Ártabras propuxo unha máis no golfo Ártabro, área de enorme importancia para elas. No 2021, o Proxecto ÁRTABRO2 estudou en profundidade o uso que fan destas zonas e as súas interaccións coa pesca.



Aves Ártabras

Compartindo espazos



Gaivota escura

Comeza a migración de aves mariñas cara ao norte. Nestas datas pasan diante das costas da Coruña moitos milleiros delas. Entre os pasos máis espectaculares está o das gaivotas escuras. En 2021 estimouse un paso de case 300.000 exemplares desta especie entre febreiro e abril. Outras aves que viaxan nestas datas por estas augas son carráns, mascatos, pentumeiros... etc.! Voan cara as súas colonias no norte de Europa.

Febreiro / 02

L	M	M	X	V	S	D
31	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	1	2	3	4	5	6



Aves Ártabras

Compartindo espazos



Corvo mariño cristado

Os corvos mariños cristados están moi ocupados coa súa nova familia. Os rechamantes penachos dos adultos locen espectaculares. O golfo Ártabro preserva a súa principal poboación continental, concentrada sobre todo no Monumento Natural da Costa de Dexo. É unha especie moi ameazada polo enmalle en redes en augas de pouca profundidade. O Proxecto ÁRTABRO2 estudou esta problemática e a súas posibles solucións.

Marzo / 03

L	M	M	X	V	S	D
28	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31	1	2	3



Aves Ártabras

Compartindo espazos



Furabuchos balear

O furabuchos balear é a ave mariña máis ameazada de Europa. Tras criar nas illas Baleares, milleiros delas veñen a Galicia. Moitas pasan aquí o inverno. Outras continúan cara ao norte. Esta especie é das que adoita quedar enganchada no palangre e palangrillo. Pódese evitar este problema largando o palangre de noite, empregando máis pesos para que a liña se afunda máis rápido e evitar largar se hai moitas ao redor.

Abril / 04

L	M	M	X	V	S	D
28	29	30	31	1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	1



Aves Ártabras

Compartindo espazos



Gaivota patiamarela

As gaivotas patiamarelas están atarefadas na crianza dos seus polos en cantís e illotes costeiros. Malia ser unha especie aínda común e abundosa en Galicia, a súa poboación está a descender de maneira moi acusada. Os censos das súas colonias desenvolvidos no marco do Proxecto ÁRTABRO2 revelaron que no norte da provincia da Coruña perdéronse en dez anos o 70% das súas parellas reprodutoras.

Maio / 05

L	M	M	X	V	S	D
25	26	27	28	29	30	1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31	1	2	3	4	5



Aves Ártabras

Compartindo espazos



Paíño pequeno

O paíño pequeno é a ave mariña máis pequena do mundo. Aproveita as noites de verán para achegarse discretamente aos illotes máis inaccesibles da costa ártabra nos que cría, como A Marola e as illas Gabeiras. O Proxecto ÁRTABRO2 censou esta pequena poboación do golfo Ártabro. Queda por saber en que zonas do océano se alimentan cando están connosco, antes de marchar no inverno ao Atlántico Sur.

Xuño/ 06

L	M	M	X	V	S	D
30	31	1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	1	2	3



Aves Ártabras

Compartindo espazos



Corvo mariño cristado

Os corvos mariños cristados máis novos reúnen-se en grupos chamados “gardarías”, onde comezan a relacionarse socialmente e os pais continúan a alimentalos durante semanas. Neste momento comezan a desenvolverse na auga e moitos son vítimas do enmalle en redes. Posibles solucións son: evitar calar as artes nas proximidades de colonias de cría, pousadoiros ou durmidoiros, empregar estas artes preferiblemente a máis de 30 m de profundidade, e calar en horario nocturno, cando as aves están menos activas.

Xullo/ 07

L	M	M	X	V	S	D
27	28	29	30	1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31



Aves Ártabras

Compartindo espazos



Estaca de Bares

Desde sempre, as aves mariñas axudaron ás persoas profesionais do mar a localizar bancos de pesca. Hoxe seguen a ser as súas aliadas: funcionan como sinais vivas do estado de saúde do mar: por elas sabemos, por exemplo, se hai contaminación mariña. Protexéndoas, ademais, protexemos a outras especies, e ao conxunto do medio mariño. Por se fora pouco, aportan riqueza ao territorio a través do turismo de natureza.

Agosto / 08

L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31	1	2	3	4



Aves Ártabras

Compartindo espazos



Mascatos

O paso migratorio de aves mariñas polas ZEPAs mariñas da provincia da Coruña está no seu máximo esplendor. A plataforma continental galega é cada outono de enorme importancia para moitas especies viaxeiras que veñen de Canadá, Siberia, o norte de Europa... O Proxecto ÁRTABRO2 estimou a partir dos seus censos de 2021 desde Estaca de Bares un movemento de preto de 1.250.000 aves cara ao oeste só en horas de luz. E pola noite moitas seguen a pasar... A especie máis numerosa é o mascato.

Setembro / 09

L	M	M	X	V	S	D
29	30	31	1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	1	2



Aves Ártabras

Compartindo espazos



Pardela cincenta

A pardela cincenta atlántica cría en Galicia desde hai poucos anos. Ata entón, as súas colonias máis próximas estaban en Azores e as illas Berlengas, fronte a Portugal. Por iso é tan interesante estudalas. Grazas ao seguimento dos seus movementos realizado no proxecto ÁRTABRO2 sabemos que o golfo Ártabro e o resto da costa galega son zonas de alimentación moi importantes para as pardelas desas illas. Os seus polos voan a partir deste mes.

Outubro / 10

L	M	M	X	V	S	D
26	27	28	29	30	1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31	1	2	3	4	5	6



Aves Ártabras

Compartindo espazos



Paíño pequeno

As pardelas cincentas atlánticas e os paíños pequenos que criaron este ano no norte da provincia da Coruña van xa de camiño do Atlántico Sur. Alí tamén faena moita flota galega! Ao mesmo tempo, en lugares como as illas Malvinas, as de Tristán da Cunha ou mesmo a Antártida, xa están criando especies que antes pasaron de viaxe por aquí: pardela escura, pardela encapuchada, paíño de Wilson... É un sinal máis da enorme importancia destas augas nosas para especies de todo o Atlántico. Protexéndoas protexemos un patrimonio global.

Novembro / 11

L	M	M	X	V	S	D
31	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	1	2	3	4



Aves Ártabras

Compartindo espazos

Pesca de baixura



O ano remata coas aves mariñas invernantes de novo como compañeiras das persoas profesionais do mar entre as ondas. Unhas e outras levan traballando xuntas mar adentro desde que o primeiro bote galego saíu a faenar en busca do mellor peixe do mundo.

Moita historia xuntas levan ás costas...

Para que siga a ser así, hoxe sabemos que é primordial conservar ese lugar que é tan seu como de todos e todas: tamén das próximas xeracións de xente do mar, e da Galicia toda do futuro.

Decembro/ 12

L	M	M	X	V	S	D
28	29	30	1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	1



Aves Ártabras

Compartindo espazos

Calendario 2022



Aves Ártabras

Compartindo espacios

